



Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

MD85PRO01

Programación Banda

Centro: CMUS Xan Viaño

Curso: 2023 - 2024

Índice

1.	Introdución	3
2.	Metodoloxía	7
3.	Atención á diversidade	9
4.	Temas transversais	9
4.1.	Educación en valores	11
4.2.	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)	12
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	12
6.	Secuenciación do curso	13
6.1.	Obxectivos	13
6.2.	Contidos	14
6.3.	Avaliación	14
6.3.1.	Criterios de avaliación	14
6.3.2.	Mínimos esixibles	15
6.3.3.	Procedementos e ferramentas de avaliación	155
6.3.4.	Criterios de cualificación	17
6.3.5.	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	18
6.4.	Medidas de recuperación	21
6.4.1.	Procedemento de recuperación ordinario	21
6.4.2.	Proba extraordinaria	21
6.5.	Recursos didácticos	22
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	23
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	23
9.	ANEXOS	24
9.1.	Probas de acceso a outros cursos (2º a 6º de G.P.)	24

1. Introducción

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2º que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas, cuxa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música.

Considerando o avance que para as ensinanzas de música supuxo a normativa xurdida da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, este decreto segue fundamentándose no estudo da especialidade instrumental ou vocal, que actúa como eixe vertebrado do currículo e, á vez, pretende avanzar cara a unha estrutura máis aberta e flexible, sen esquecer a necesidade de perseguir un ensino integrador que, xunto coa formación profesional de carácter artístico, dirixida á consecución de competencias técnico-musicais específicas, inclúa a formación humanística e a educación cívica do alumnado destas ensinanzas. Abórdanse ademais medidas que permitan a máxima adecuación dos estudos aos intereses do alumnado, considérase a compatibilidade real entre estas ensinanzas e as de educación secundaria e facúltase a Administración educativa para a adopción de solucións a este respecto.

En canto aos contidos das especialidades instrumentais e vocais, mantense a necesidade de conxugar comprensión e expresión, coñecemento e realización. Este proceso complexo de educación artística debe ter en conta que os contidos esenciais na formación dun músico que se expresa a través dun instrumento ou do canto están presentes, case na súa totalidade, desde o inicio dos estudos, e que o seu desenvolvemento se realiza non tanto pola adquisición de novos elementos como polo afondamento permanente deles. Nesta traxectoria, o grao de dificultade interpretativa virá determinado pola natureza das obras que en cada tramo do proceso se seleccionen.

En relación cos criterios de avaliación, estes establecen o tipo e as ensinanzas de aprendizaxe que se espera que alcance o alumnado nun momento determinado respecto dos obxectivos xerais das ensinanzas, as capacidades sinaladas nos obxectivos específicos das ensinanzas profesionais de música e os propios de cada especialidade. O nivel de cumprimento destes obxectivos, en relación cos criterios de avaliación fixados, débese medir tendo en conta o contexto do alumnado e as súas propias características e posibilidades. Deste xeito, a avaliación constitúese nunha función formativa e, ademais, nunha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensinanzas, co que se converte nun referente de todo o proceso de ensino e aprendizaxe.

Xa que logo, este decreto establece o currículo das ensinanzas profesionais de música para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e, ademais, regula o acceso a estas ensinanzas.

Aspectos xerais

O proceso de ensino e aprendizaxe das diversas especialidades instrumentais ten forzosamente un marcado carácter individual. Por iso o currículo debe albergar materias que transcendan este compoñente unipersonal da práctica musical e introduzan elementos colectivos. A práctica instrumental resulta así entendida non só como a adquisición dunha complexa técnica e a progresiva formación duns criterios musicais propios, senón tamén como unha ferramenta de relación social e de intercambio de ideas entre os propios instrumentistas.

A educación musical non pode nin debe perseguir como única meta a formación de solistas instrumentais *stricto sensu*; a súa principal misión debe ser ofrecer á sociedade os músicos que esta necesita para poder canalizar aquelas actividades que demanda a comunidade. Neste sentido, a partir do S. XIX a orquestra converteuse, polo seu extenso repertorio e polo seu vasto potencial comunicador, no vehículo de expresión musical por antonomasia. O elevado número de instrumentistas que a integra provoca, en consecuencia, que unha porcentaxe moi alta dos estudantes daqueles instrumentos susceptibles de entrar a formar parte da orquestra (corda, vento e percusión, fundamentalmente) teñan nesta o seu destino profesional máis frecuente e, a miúdo, único.

A práctica indistinta de orquestra ou banda, ou, de ser o caso, o conxunto que corresponda, ten por finalidade facilitar a participación, a través de distintas formacións, de todo o alumnado. Procúrase así una organización máis flexible do ensino ao mesmo tempo que se permite que determinados instrumentos con dificultades de integración teñan o marco oportuno para a práctica instrumental colectiva. Así pois, a participación nas agrupacións xa sexan instrumentais ou corais supón e garante a presenza activa dos alumnos e das alumnas nunha das actividades que implican maior proxección do centro na sociedade.

A práctica, tanto da orquestra como da banda, constitúe unha materia necesaria para a formación musical e a súa lóxica consecuencia debe ser a inclusión no currículo das ensinanzas profesionais de música de dúas materias, orquestra e banda, e a súa presenza vén xustificada nun dobre sentido. Por unha banda, porque lles ofrecerá aos instrumentistas a experiencia e os coñecementos necesarios relativos ao funcionamento, as regras e a convivencia características da interpretación destas agrupacións. Por outro, porque actuará positivamente sobre todos aqueles instrumentos cuxo nivel os capacite especialmente para tocaren nunha agrupación. Evitará, en suma, que consideren a vida profesional destes músicos como una opción de segunda fila, acrecentará a súa decantación cara ao inicio dunha determinada opción profesional e facilitará o seu ingreso e a súa adaptación psicolóxica nun corpo social reducido, pero cunhas regras moi definidas e non sempre cómodas ou doadas de cumprir.

Do mesmo xeito que a música de cámara –unha materia que persegue obxectivos dunha natureza similar-, a orquestra, a banda ou o conxunto, servirán para sacar ao alumnado

dun repertorio case sempre caracterizado polas súas dificultades técnicas e pola desigualdade con respecto ao instrumento encargado de acompañalo (a miúdo o piano) e introduci-lo nun mundo novo, máis igualitario e de natureza máis rica e variada. Así, os xéneros musicais deixarán de ser soamente a sonata, o concerto ou as pezas de virtuosismo, co cal o alumno e a alumna se poderán internar noutras como a sinfonía, o oratorio, o poema sinfónico ou mesmo a ópera. No caso de instrumentos cunha literatura escasa ou con partituras de moi desigual valía musical, estas agrupacións supoñen a posibilidade de internarse nas composicións máis relevantes da historia da música occidental en igualdade de condicións con respecto a instrumentos máis «hexemónicos» (violín, frauta ou trompa, por exemplo), con todo o que iso implica de enriquecemento na formación musical do alumnado. A convivencia con instrumentos de natureza e técnicas moi diversas, en fin, proporcionaralles tamén ao alumno e á alumna unha visión moito máis ampla do feito musical e enriquecerá o seu coñecemento dos timbres (tanto individual como colectivamente considerados) e das diversas peculiaridades de organoloxía.

As dificultades técnicas ou o mero lucimento do solista darán paso a un repertorio que alberga moitas das mellores páxinas da música occidental e a una complexa trama de relacións instrumentais nas cales o alumnado sentirase protagonista destacado. O feito de que sexan varios os instrumentistas encargados de tocar unha soa voz ou parte non ten por que diluír un ápice este protagonismo, que polo feito de ser colectivo non debe implicar unha diminución do perfil desempeñado por cada un dos integrantes da agrupación. Esta é unha suma de individualidades axuntadas pola mente reitora do director ou directora, que deberá saber extraer o mellor daquelas, que en ningún caso deben aspirar a perderse no anonimato, como tampouco sobresaír por encima dos seus compañeiros. A unidade de criterio e a igualdade da execución deberán ser, por iso, as principais metas que se pretendan alcanzar.

A orquestra, a banda e os conxuntos que se formen deben fomentar tamén as relacións humanas entre os alumnos e as alumnas, afeitos case sempre a una práctica individualista e solitaria dos seus instrumentos. Deben incrementar a actitude de escoita de todo aquilo que rodea a propia execución unipersonal para conseguir aspectos inherentes a toda boa interpretación na agrupación: afinación, empaste, homoxeneidade no fraseo, igualdade nos ataques, claridade nas texturas, etc.

O respecto a todas as indicacións do director ou da directora fomentará unha actitude de disciplina e provocará a necesidade de memorizar estas para que o traballo realizado ao longo dos ensaios dea os seus froitos no concerto. Neste, o alumno ou a alumna poderá experimentar unha sensación moi diferente, xa que serán conscientes de que na práctica de grupo a responsabilidade é compartida. Todo iso redundará, ao final, na introdución desa compoñente de pluralidade que o alumnado debe sentir como un elemento básico da súa formación ao entrar nas ensinanzas profesionais, no que, parafraseando a Goethe, os coñecementos adquiridos deben permitirlle converter a práctica instrumental no seo das agrupacións en «una conversación entre moitas persoas razoables».

A materia de orquestra ou banda será impartida semanalmente nun período lectivo dunha hora e media; deste xeito, dividirase ao alumnado segundo as especialidades: unha

orquestra de corda formada por instrumentos de corda frotada (violín, viola, violoncello e contrabaixo) e instrumentos de corda pulsada (arpa) e unha banda composta por instrumentos de vento madeira (fautas, óboes, fagots e clarinetes), vento metal (trompeta, trompa, trombón e tuba) e percusión. Compre engadir que estas agrupacións non posúen carácter pechado, é dicir, pode existir colaboración entre elas segundo o repertorio ou tamén segundo decisión do profesorado da materia.

Coñecementos previos

Para o acceso ao 1º curso do G.P. é necesaria a superación dunha proba de acceso que terá lugar no mes de xuño. As probas extraordinarias para o resto de cursos de G.P., de haber vacantes, serán anunciadas e publicadas ao seu debido tempo.

Dadas as condicións propias deste conservatorio, como son as dificultades para crear formacións estables e con repertorio axeitado para cada curso, provocan que os obxectivos, contidos, metodoloxía, criterios e procedementos de avaliación serán os expostos ao longo desta programación de forma xeral para todos os cursos de banda, dos instrumentos oportunos e con independencia das adaptacións curriculares que sexan necesarias para con cada membro do alumnado.

Do mesmo xeito, a elección do repertorio será adaptada ao nivel dos alumnos e das alumnas.

Relacións cos estudos de réxime xeral

A maioría do alumnado compaxina estes estudos cos de réxime xeral (E.S.O., Bacharelato...). Nunha ampla porcentaxe, o alumnado dos primeiros cursos de G.P. aprende a E.S.O. e a maioría do de 5º e 6º o fai no Bacharelato ou outros.

Relacións entre disciplinas

Instrumento

A tarefa do futuro intérprete consiste en aprender a ler correctamente a partitura e a través da lectura, saber apreciar o seu valor estético e desenvolver, ao mesmo tempo, a habilidade necesaria no manexo dun instrumento para que a execución dese texto musical adquira a súa plena dimensión de mensaxe expresivamente significativa para poder transmitir de xeito persuasivo e convincente, a emoción de orde estética que no espírito do intérprete esperta a obra musical cifrada na partitura que se lle presenta.

Linguaxe musical

Senta as bases da lectura e comprensión das partituras instrumentais, e permítelle ao alumnado realizar interpretacións de calidade.

Conxunto / Música de cámara

A través desta materia os/as alumnados/as son responsables, co seu traballo individual, do resultado do conxunto e deberán empregar tódalas ferramentas aprendidas nas clases instrumentais así como os coñecementos adquiridos nas clases colectivas..

Harmonía

Faculta ao alumnado a recoñecer a importancia da súa voz cando forma parte dun conxunto, e axúdalle a comprender os elementos compositivos que forman parte do seu repertorio.

Análise

Senta as bases que lle permiten ao alumnado entender a estrutura da música que escoita desde un punto de vista técnico e artístico acorde co estilo musical da época da composición. En calquera dos seus aspectos ten unha relación directa con todas as demais materias dos cursos de 5º e 6º.

Historia da música

Aporta á materia coñecementos sobre os estilos das diferentes épocas e autores, así como datos sobre o contexto sociocultural e da súa influencia na estética musical.

Novas tecnoloxías aplicadas á música

As novas tecnoloxías aplicadas á música outorgaranlle máis liberdade ao alumnado para expresar a súa creatividade e para que poidan empregar os seus recursos no estudo individual (gravarse, editar partituras, etc.).

Repentización, acompañamento e piano complementario

Dependendo da especialidade a aprender, estas materias dotarán aos/ás alumnos/as das ferramentas de apoio que precisan para adquirir unha comprensión global da música.

2. Metodoloxía

Aspectos xerais

Organización do tempo e do espazo

Estes aspectos veñen definidos polas características físicas do edificio e polos horarios das ensinanzas de réxime xeral. A Xefatura de Estudos elaborará o reparto de aulas e espazos do centro segundo sexa necesario.

O centro onde se imparta a materia de banda farase cargo do material que o alumnado necesite para o seu correcto desenvolvemento, como por exemplo: cadeiras (as habituais máis as específicas de contrabaixo), atrás... Os instrumentos (agás os de percusión e, cando os haxa, contrabaixos), lapis, fotocopias, canas, partituras (oportunamente entregadas)... son competencia do alumnado.

Fomento da lectura

Os profesores ou as profesoras deberán espertar no alumnado o interese pola lectura e farao cunha dobre intención: por un lado, espertar a atracción pola literatura musical, procurando ter acceso a diferentes autores/as e estilos, e incentivando a importancia de coñecer máis de eles/as; por outro, que o alumnado sinta inclinación pola diversa literatura especializada sobre a materia.

Funcionalidade dos contidos

Darase especial importancia á interrelación entre os diferentes contidos da materia de banda e os dos das restantes disciplinas do currículo (Historia da música, Instrumento, Harmonía...)

Aspectos Específicos

Acción titorial

O profesorado de banda manterá unha fluída e constante comunicación cos pais, nais ou titores legais do alumno ou da alumna ao longo do curso mediante a hora semanal que este ten destinada para tal fin. O obxectivo desta titoría é facer un seguimento global entre todos os membros da comunidade educativa e á vez realizar a orientación pedagóxica do alumnado.

Organización da programación na aula

A metodoloxía utilizada na materia de banda dependerá do nivel xeral da agrupación e das súas posibilidades interpretativas. Para tal fin elaborárase unha relación de repertorio que sexa posible abranger na súa totalidade por cada un deses membros. Deste xeito, o alumnado poderá por máis atención ao tempo, á coordinación entre compañeiros e compañeiras, á afinación, etc., sen que a partitura sexa dunha grande complexidade técnica e que ao mesmo tempo sexa motivadora. Durante o curso, poderase ir aumentando o nivel das obras, unha vez que o alumnado se asente, progrese e así o demostre.

A organización e distribución do alumnado na agrupación será responsabilidade única e exclusivamente do profesorado da materia

Disposición dos atrás

A principio de curso realizarase unha explicación de cada un dos lugares na banda e a súa disposición. Para a colocación do alumnado, poderanse levar a cabo probas de atril, coas que se determinará o seu nivel e/ou acordalo co profesorado titor (o de instrumento) quen aportará máis información de cada alumno o alumna. A adxudicación dos atrás é susceptible de ser modificada ao longo do curso e é o profesorado quen se reserva o dereito de adxudicar ou modificar estes postos na banda atendendo ás necesidades da agrupación ou calquera outro motivo que se considere oportuno.

3. Atención á diversidade

A falta de homoxeneidade no alumnado que forma o grupo deste nivel obriga a deseñar unha serie de estratexias con vistas a chegar a todo el. Toda esta posible diversidade débese aos seguintes factores:

De coñecementos, xa que non todos/as teñen as mesmas competencias ao inicio do curso. Para iso deseñaranse actividades de ampliación que lles permitan practicar ou aumentar os seus coñecementos.

De aptitude, o que afecta á facilidade ante a lectura e práctica musical, polo que haberá que deseñar actividades complementarias que lles permitan superar eses pequenos problemas e adecuarse á competencia esixible para superar con éxito o curso.

De actitude, isto é, de interese: na aula de banda pódense atopar persoas que presentan diferentes graos de interese pola materia. O interese do alumnado pola materia ten que ser observado polo docente día a día, partindo das experiencias e prácticas que se fagan en cada sesión, avaliándoas e variándoas ou ampliándoas para provocar ese grao de motivación que garanta o éxito escolar.

Alumnado con necesidade específica de apoio educativo

O profesorado apoiará todo o posible ao alumnado que máis o necesite, estimulándoo e dándolle azos, iso si, sen prexudicar o normal desenvolvemento do curso e da realización dos mínimos establecidos na programación didáctica, sempre e cando non se trate de alumnos ou alumnas con necesidade dunha adaptación curricular significativa.

Nalgúns casos serán convenientes traballos de reforzo ou de ampliación e deberá proporcionárselle o material necesario. Podería ser necesario retomar ou prolongar o traballo dalgún aspecto ata a súa correcta asimilación.

No caso de atoparse con alumnado de altas capacidades intelectuais, precisarase dunha maior achega de materiais e traballos que lle permitan un mellor aproveitamento da súa aprendizaxe.

4. Temas transversais

A inclusión de temas transversais nos diferentes sistemas educativos responde á necesidade de levar a este terreo toda unha serie de medidas adoptadas de xeito intergubernamental polos gobernos dos países desenvolvidos, xurdidas a partires dunha serie de preocupacións comúns perante os efectos negativos do desenvolvemento tecnolóxico e cultural nas sociedades máis avanzadas, que teñen que ver coa saúde, o medio ambiente, os conflitos armados, o racismo, a discriminación, etc. e que incumben, non só ao desenvolvemento de cada unha delas, senón tamén ao de toda a humanidade. Dita inclusión

responde tamén á preocupación de certos sectores críticos ante ideoloxías dominantes neste tipo de sociedades.

Deste xeito, a interpretación musical, no noso caso, é a meta e, como tal, implica o desenvolvemento da personalidade e a sensibilidade, xa que a música é un vehículo de emocións.

O profesorado será guía e conselleiro, ademais do principal protagonista na construción da súa personalidade artística dentro desta materia. Así pois, a programación será aberta, non ríxida, potenciando a adaptación ás características e necesidades do alumnado, dentro dun marco de ensinanza individualizada.

A audición, repetición de exercicios, visualización de vídeos, etc., dará lugar a un diálogo/debate entre profesorado e alumnado, co cal se deberá potenciar o respecto e a crítica.

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquira coñecementos e habilidades que lle capaciten para valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

Nas clases deberá existir un clima de distensión e relaxación, para favorecer as verdadeiras características do alumnado. É importante, a súa vez, que exista una interrelación entre os/as diferentes alumnos/as; toda esta relación repercutirá posteriormente nunha mellor interpretación en grupo, existindo unha maior complicidade entre eles/as.

Os temas transversais aplicados á materia de banda débense adecuar do seguinte xeito:

Educación para a convivencia

Fomentar o diálogo como xeito de solución de diferenzas, por medio de intervencións do alumnado en aspectos de dicitación, fraseo, etc.

Educación para a saúde

Coidar os hábitos de saúde postural na aula

Educación para a paz

- Analizar obras cun fin de integración, fomento da paz, tolerancia e convivencia entre pobos.
- Apreciar e valorar a diversidade cultural, estética e musical de Europa, como mostra desa convivencia.

Educación para a igualdade entre sexos

- Analizar na historia da música, o número de compositores e compositoras e recoñecer situacións de discriminación por razóns de sexo.
- Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar a discriminación.

Educación ambiental

Deducir a influencia do universo e da natureza no contido das obras escritas polos compositores e polas compositoras

Educación para Europa

- Analizar a evolución da música de banda e arranxos para ela, feita en Europa.
- Valorar a legado europeo no pensamento e na cultura, especialmente na música.

Educación multicultural

Espertar o interese pola cultura que os diferentes países e pobos desenvolveron, legaron e evolucionaron, subliñando as súas diferenzas e semellanzas con outras culturas, desenvolvendo así, actitudes de respecto por eles.

4.1. Educación en valores

A Música enriquece a formación integral do alumnado, non só polo seu aspecto formativo senón tamén polo seu aporte cara o desenvolvemento da persoa, da súa personalidade. Segundo os resultados dun estudo realizado por Annely Séller en 1990, entre as vantaxes máis significativas da música, está o desenvolvemento dos seguintes aspectos: **intelectual** (favorece a atención, a observación, a concentración, a memorización, a experimentación, etc.), **socio afectivo** (define responsabilidades, capacítalo para unha maior e mellor participación na aula e na relación cos compañeiros e coas compañeiras), **psicomotor** (desenvolve a psicomotricidade fina e grosa, a axilidade corporal e a autonomía), de **crecemento persoal e formación de hábitos** (a música enfronta ao neno ou a nena coas súas propias habilidades e limitacións, ofrece aprendizaxe e cumprimento de normas, ensina que hai que respectar o traballo dos demais e a utilizar o tempo permitindo un uso construtivo do tempo libre). Así, esta programación, xunto co resto das ensinanzas, contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas que o alumnado debe adquirir ao finalizar a súa formación académica, para lograr a súa realización persoal, exercer unha cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a internet a disposición do profesorado e do alumnado. É a rede unha importante fonte de información da que pode dispor esta materia, ben para a consulta de fondos de bibliotecas, para a lectura de libros e artigos especializados, para a busca de partituras, de arquivos de son, etc. A biblioteca/fonoteca/videoteca do centro convértese nun lugar axeitado para a obtención de información e, como docentes, deberemos de animar e axudar ao alumnado a utilizar este espazo cun óptimo aproveitamento. Recomendaremos o uso na aula das tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que os recursos dispoñibles no lo permitan.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas e coordinadas polo centro ou en colaboración con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, tanto no propio centro como fóra del, visita a museos ou similar, etc.. Os/as alumnos/as, pais, nais ou titores/as legais estarán informados con anterioridade de todos os datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para motivar ao alumnado e mellorar a súa educación, resaltaránse, ademais, valores de respecto e convivencia entre outros.

En función do calendario lectivo e o transcurso da actividade educativa, incorporaremos á programación diferentes actividades extra-académicas que enriquezan o proceso de aprendizaxe:

Audicións. En cada curso poderán programarse, preferiblemente, tres audicións, unha por trimestre. Debemos valoralas na súa dupla vertente: 1) a do alumno ou da alumna que toca, e que exercita a súa capacidade como membro da agrupación ao tempo que pon en práctica os recursos técnicos e expresivos que vai adquirindo ao longo do curso; 2) a do alumnado que asiste en calidade de público, que exercita o seu oído musical, ao tempo que valora o traballo dos seus compañeiros e das súas compañeiras desenvolvendo o seu espírito crítico.

Asistencia a concertos. Resultan positivos en todas as súas variantes: concertos de profesores ou de profesoras, de agrupacións musicais do propio centro, de conxuntos doutros conservatorios, de orquestras profesionais, solistas nacionais e internacionais, etc.

Asistencia a cursos e talleres con profesorado convidado. Favorece a apertura a outros procesos pedagóxicos e o contacto con alumnado pertencente a outras comunidades educativas.

Visitas culturais: o centro poderá organizar saídas cunha finalidade artístico-cultural, nas que se facilite a convivencia entre o alumnado e o profesorado do centro.

Programación de audicións comentadas: na medida que os recursos do centro o permitan, ou as posibles achegas do corpo docente, resultan moi estimulantes as proxeccións de vídeos ou a reprodución de discos de grandes obras e intérpretes, introducidos e comentados polo profesor ou pola profesora.

6. Secuenciación do curso

Curso: 2023/2024

6.1. Obxectivos

- Afondar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas a través do traballo do director ou da directora e da experiencia do grupo, que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro deste.
- Dominar o propio instrumento de acordo coas exixencias de cada obra.
- Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos da agrupación e das necesidades interpretativas da obra.
- Interpretar obras representativas do repertorio da agrupación de acordo co seu nivel instrumental e reaccionar con precisión ás indicacións do director ou da directora.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Aplicar con autonomía, progresivamente maior, os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Respetar as normas que esixe toda actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo colectivo, etc., e responsabilizarse en todo momento delas.
- Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional.
- Realizar audicións (concertos), preferiblemente, unha por trimestre, onde se reflicta publicamente o traballo realizado durante ese período de tempo.

6.2. Contidos

- Importancia da afinación previa a partir do LA do óboe
- A anacruse como movemento básico da práctica de grupo.
- Reacción e comprensión ante as diferentes anacruses do director ou da directora.
- Desenvolvemento do oído para o control permanente da afinación dentro da agrupación.
- Desenvolvemento da igualdade de ataques (instrumentos de vento e percusión).
- Coñecemento e valoración das normas de comportamento na agrupación.
- Estudo previo da partitura individual, silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do director ou da directora, responsabilidade de anotar as indicacións, etc.
- Importancia do papel de cada un dos membros da agrupación.
- Traballo por seccións.
- Traballo gradual de repertorio básico máis significativo da agrupación.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Realización de audicións ou concertos trimestrais.

6.3. Avaliación

A avaliación das aprendizaxes nas ensinanzas profesionais de música teñen como finalidade valorar e certificar o grao de cualificación do alumnado en relación á adquisición e desenvolvemento, tanto das capacidades contempladas nos obxectivos xerais das ensinanzas musicais, como das competencias profesionais que determinan os obxectivos específicos que o alumnado deberá ter adquirido ao finalizar as devanditas ensinanzas.

6.3.1. Criterios de avaliación

- Interpretar por seccións calquera das obras programadas durante o curso. Mediante este criterio trátase de valorar a capacidade para adecuar o propio son ao da familia correspondente e a precisión de ataques e entradas de acordo coa anacruse do director ou da directora.
- Reproducir calquera das obras programadas durante o curso, reducindo a corda ao número mínimo posible do alumnado por cada sección dela. Este criterio pretende avaliar a capacidade de escoita das outras partes, unificándose coas afíns, e o grao de afinación harmónica e do conxunto, unificando unísonos.

- Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade. Este criterio pretende comprobar a integración rítmica no conxunto seguindo o tempo marcado polo director ou a directora, a precisión para reaccionar ante as súas indicacións, o dominio do seu instrumento e o grao de afinación da lectura a vista.
- Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.
- Realizar concertos públicos coas obras ensaiadas. Este criterio constata a actitude, necesariamente disciplinada do instrumentista na banda, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa contribución dentro do equilibrio de planos dentro do conxunto e a súa adecuación ao carácter e estilo que marca o director ou a directora.

6.3.2. Mínimos esixibles

O proceso de ensinanza e aprendizaxe na materia de banda está baseado nos dous seguintes puntos:

- **Práctica** – Comprende todos aqueles aspectos dos criterios de avaliación que se relacionen coa demostración por parte do alumno ou da alumna da súa capacidade para formar parte dunha agrupación, tanto a nivel persoal, como musical (profesional).
- **Repertorio** – Inclúe todos aqueles aspectos dos criterios de avaliación que se relacionen con profundar no grao de coñecemento das obras ao que chegará o alumno ou a alumna.

Para superar o curso, deberanse cumprir as seguintes normas:

- Non ter máis de tres actitudes negativas no parágrafo de práctica.
- Obter unha cualificación media, mínima de 5, tras ter sido valorados todos os parámetros incluídos no parágrafo de repertorio.

Estes mínimos esixibles contémplanse debido a que o obxectivo principal desta materia é o de preparar e realizar un concerto ou audición; un músico, cando sobe a un escenario, só ou en conxunto, ten a obriga de dominar todo o programa a interpretar. Explicándoo dun xeito máis cotiá, non valería que un intérprete se subise ao escenario e dixese: “ A primeira obra saíame ben, a segunda regular e da terceira só podo tocar o principio”.

6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

Ao longo do curso avaliarase ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións:

- **Inicial** – para coñecer o seu nivel no curso que comeza.

- **Continua** ou sumativa – ao longo do curso segundo a súa evolución, actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades.
- **Final** – onde se terá en conta toda a súa evolución, utilizando para iso os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:
 - **Observación sistemática** da actitude do alumnado na clase, do seu grao de participación, do uso do teléfono móbil e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos (prohibido polo Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, DOG nº 17 do Martes 27 de xaneiro de 2015), da realización da actividades de aula e asistencia as audicións trimestrais, do respecto as indicación do profesor ou da profesora (en definitiva, a batuta), realización das tarefas individuais, da súa integración na agrupación...
 - **Producións:** análise de partituras, lecturas a vista, práctica xestual, traballo de repertorio...
 - **Verbalizacións**, como poden ser as postas en común de traballos de grupo, debates sobre actuacións e audicións...
 - **Probas específicas**, como as interpretacións individuais dentro da ou das agrupacións, lecturas a primeira vista...

Dispoñemos de tres trimestres, nos que se tratará de abranguer obras de diferentes estéticas, formas musicais e con dificultades adaptadas ao nivel xeral da agrupación. Ao longo destes trimestres, trataranse de concretar unha serie de actividades, como poden ser concertos públicos trimestrais, que reflectan o traballo desenvolvido na clase. Estes concertos son de asistencia obrigatoria para todo o alumnado sen excepción.

Ao inicio do curso, se fose necesario, co obxectivo de coñecer o nivel do alumnado e para acadar unha correcta compensación da agrupación, o profesor ou a profesora poderá realizar unha proba de nivel para ter unha idea do punto de partida deste, á vez que servirá de ferramenta para realizar unha avaliación inicial se fose o caso.

Posteriormente, durante o proceso de ensinanza e aprendizaxe, aproveitaremos da avaliación formativa para analizar os éxitos ou fracasos acadados polo alumnado en función da programación (obxectivos e contidos), ademais da metodoloxía empregada na clase, xa que o proceso de avaliación e de ensinanza e aprendizaxe tamén abrangue ao profesorado. Ao remate do curso, realizaremos a avaliación final, reflectida no correspondente boletín de notas coas cualificacións correspondentes ao desenvolvemento e a evolución do alumnado ao longo do curso.

Durante o procedemento de ensinanza e aprendizaxe que se realice na aula, o/a docente de Banda usará o diario de clase, como rexistro da información sobre a evolución do alumnado a través das probas de atril, programas de concerto, etc. e recollerá toda aquela información que se considere importante.

Grazas á avaliación continua poderemos cualificar ao alumnado respecto aos seguintes criterios de repertorio e práctica:

- Realización de probas, tanto a nivel individual (probas de atril), como membro dunha sección, ou membro dun todo (a agrupación ao completo).
- Observación directa a través da recollida diaria de datos no libro do profesor.
- Observación sobre aqueles contidos traballados na clase.
- Observación nas audicións públicas.
- Calidade dos traballos realizados durante o curso.
- Participación na clase...

A avaliación do proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado será continua e integradora. A 1ª e a 2ª avaliación só terán valor informativo sobre o desenvolvemento da aprendizaxe e as actividades levadas a cabo polo alumno ou pola alumna. A 3ª terá carácter de sesión e de avaliación final.

IMPORTANTE: O alumnado deberá ter en conta os seguintes puntos:

- *O atraso continuado considerarase como ausencia inxustificada.*
- *A asistencia á clase sen o instrumento será considerada tamén como ausencia inxustificada.*

Os resultados da avaliación serán expresados a través a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, sendo 1 a cualificación mínima e 10 a máxima.

6.3.4. Criterios de cualificación

A cualificación será a nota resultante obtida despois de aplicar as seguintes porcentaxes á nota asignada a cada un dos criterios:

- **Criterios técnicos:** 30% (Técnica, traballo, hixiene postural, etc.).
- **Criterios estéticos:** 30% (Interpretación, son, resultado musical, etc.).
- **Criterios actitudinais:** 20% (Actitude, interese, comportamento e disciplina, progreso, rendemento, asistencia a clase, etc.).
- **Audición e/ou concertos:** 20% (Actuación en público como membro activo da agrupación).

❖ *De producirse a situación de que nalgunha das 3 avaliación non fose posible a realización da audición (concerto) contemplada nos obxectivos desta programación, é necesario sinalar que os criterios actitudinais pasarían a dispor dunha porcentaxe do **40%** no resultado da cualificación final dese trimestre.*

No caso de que, unha vez aplicadas estas porcentaxes, a cifra obtida non sexa a dun número exacto (de 1 a 10), a cualificación será a resultante do redondeo en función dos decimais obtidos. Se estes se atopan entre o 0,01 e o 0,49, a cualificación será a do número enteiro anterior e, de 0,50 a 0,99 será a do número enteiro posterior.

6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para este punto descríbese o protocolo a seguir nos casos en que se detecte a posibilidade de ampliación de matrícula por parte dalgún/ha alumno/a durante o curso escolar.

Desenvolvemento do proceso

Segundo o Decreto 203/2007, que fai referencia ao currículo de Grao Profesional, no seu artigo 15º, titulado “Matrícula excepcional”, recóllese que: “É competencia do Consello Escolar da cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire acceder”.

Ao longo do curso, pódense detectar situacións nas que sexa viable a ampliación de matrícula dun alumno ou dunha alumna ao curso seguinte. O protocolo sería o que segue:

1º O profesorado que detecte dita posibilidade, poñerase en contacto co/a titor/a do/a alumno/a (profesor/a de instrumento). O/A profesor/a solicitará de xeito individual a información necesaria para comezar ou non o procedemento. En caso afirmativo, pasamos o seguinte punto e seguimos co proceso.

2º O/A titor/a informará a familia (se o/a alumno/a é menor de idade) ou o/á alumno/a (se é maior de idade) sobre o proceso. A información aportada polo/a titor/a debe ser de xeito global, é dicir, que comeza, se así o desexan, un proceso no que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de xeito colectivo por parte de todos/as os/as profesores/as do/a alumno/a cunha decisión unánime e firme. No caso de que a familia ou o/a alumno/a maior de idade non desexara seguir co procedemento, este conclúe aquí. Se pola contra a resposta é afirmativa respecto a seguir co procedemento, pasaríamos o seguinte punto.

3º O/A titor/a solicitará a información necesaria do/a alumno/a a todo o profesorado que lle imparte clases nese curso.

4º Unha vez acadada toda a información, o/a titor/a solicitará a Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora Extraordinaria coa totalidade dos/as profesores/as do/a alumno/a implicado/a para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula. Nesta Xunta Avaliadora Extraordinaria o/a profesor/a titor/a do/a alumno/a levantará acta das conclusións sobre os informes do profesorado implicado. Para poder orientar ao/á alumno/a de cara a unha ampliación de matrícula deberá existir un acordo unánime de todo o

profesorado implicado. A Xunta Avaliadora Extraordinaria pode ser substituída pola Sesión de Avaliación correspondente, na que se poderán aportar os datos, documentos... que amosen a conformidade ou non, da totalidade do profesorado do/a alumno/a, para solicitar a Matrícula Excepcional (ampliación de matrícula). Na **Sesión de Avaliación** ou **Xunta Avaliadora Extraordinaria** acordarase tamén a información que deba transmitírselle a cada alumno/a e, de ser o caso, ao seu pai, nai ou titores/as legais sobre o proceso da ampliación de matrícula.

5. No caso no que se aconselle a súa promoción, o/a profesor/a titor/a deberá informar ao/a alumno/a maior de idade ou a familia (no caso de ser menor de idade), acerca da solicitude que deberá presentar á atención da Dirección do centro para levala a Consello Escolar e aprobala, se procede.

6. O Consello Escolar reunirase coas solicitudes recibidas pola Dirección e, de proceder, deberán aprobarse. Aquelas que contén co visto e praxe, serán reflectidas na acta de avaliación correspondente. Posteriormente o/a alumno/a deberá acudir á secretaría do centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (cubrir o sobre de matrícula, facer efectivo o pago de taxas...); unha vez realizados estes, o/a alumno/a estará matriculado/a oficialmente no novo curso e, polo tanto, darase por rematado o proceso.

Competencias

Dirección:

- Custodiar e recoller as diferentes solicitudes de Matrícula Excepcional.
- Convocar o Consello Escolar para a aprobación, se procede, das solicitudes.

Xefatura de Estudos:

- Organizar, coordinar e supervisar o exercicio da función docente do profesorado e a actividade académica do alumnado.
- Organizar, convocar e supervisar a avaliación nunha posible ampliación de matrícula en sesión de avaliación / Xunta Avaliadora Extraordinaria.
- Dar o visto e praxe á acta da sesión de Avaliación / Xunta Avaliadora Extraordinaria levantada polo/a titor/a.

Titores/as:

- Efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado
- Introducir a través do programa de xestión de cualificacións –CENTROSNET- as notas dos seus alumnos nas datas establecidas.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu alumnado:

- ✓ Levantar acta do desenvolvemento das sesión de avaliación e cualificación, na cal fará constar os acordos acadados e as decisión adoptadas polo conxunto do profesorado do/a alumno/a.
- ✓ Comprobar que estea debidamente cuberta a acta de avaliación coas cualificacións e igualmente asinada por todo o profesorado.
- Coordinarse co resto do profesorado que imparte docencia aos/ás seus/súas alumnos/as.
- Solicitar a información necesaria ao profesorado implicado no proceso ante unha posible ampliación de matrícula e cumprir cos acordos acadados.
- Solicitar a Xefatura de Estudos a convocatoria dunha Xunta Avaliadora Extraordinaria.

Resto do equipo docente:

- Efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado.
- Detectar posibles casos de ampliación de matrícula e colaborar na súa resolución.
- Introducir a través do programa de xestión de cualificacións –CENTROSNET- as notas dos seus alumnos ou das súas alumnas nos prazos establecidos.
- Actuar de xeito integrador co conxunto do profesorado ao longo do todo o proceso de avaliación.
- Participar no análise dos resultados da avaliación e colaborar na adopción das medidas necesarias.
- Asinar as actas de avaliación.
- Realizar as correspondentes comprobacións (probos, exames...), de ser necesarias, para ter evidencias da posible ampliación.

Familias/Alumnos maiores de idade:

- Colaborar no proceso que aquí se describe

Consello Escolar

Autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

6.4. Medidas de recuperación

6.4.1. Procedemento de recuperación ordinario

Cando algún alumno ou algunha alumna teña a materia pendente, ou presente problemas de rendemento, o profesor ou a profesora tratará de adecuar o traballo a desenvolver na procura dunha óptima recuperación, e farao propoñendo traballo específico que será avaliado paralelamente en función do rendemento nas titorías ou clases de reforzo asignadas para poñer solución á problemática existente.

6.4.2. Proba extraordinaria

O alumnado que non supere o curso na convocatoria ordinaria ten dereito a que lle sexa realizada unha proba extraordinaria que constará dos seguintes exercicios:

Exercicio 1 – Interpretación da totalidade do repertorio realizado na banda (de xeito total ou parcial, a criterio do profesor ou da profesora)

Exercicio 2 – Lectura a primeira vista de tres pasaxes de estilos diferentes, para os que disporá de 10 minutos para realizar unha lectura previa.

Exercicio 3 – Realización e exposición dun traballo orixinal de investigación sobre un tema relacionado cun dos contidos da materia e en consenso co profesorado. Este traballo deberá ter unha extensión mínima de 5 folios (sen contar portada, índice e bibliografía), formato DIN-A4, escritos en letra Arial, tamaño de 12 puntos, a unha soa cara e con dobre espazado entre liñas.

Medios e instrumentos	Rexistros	Criterios de cualificación
Exercicio 1	Acta de cualificación final	Criterios técnicos: 40% (Técnica, traballo, hixiene postural...)
Exercicio 2	Acta de cualificación final	Criterios estéticos: 40% (Interpretación, son, afinación, resultado musical...)
Exercicio 3	Acta de cualificación final	Criterios teóricos: 20% (Calidade do traballo de investigación)

No caso de que, unha vez aplicadas estas porcentaxes, a cifra obtida non sexa a dun número exacto (de 1 a 10), a cualificación será a resultante do redondeo en función dos decimais obtidos. Se estes se atopan entre o 0,01 e o 0,49, a cualificación será a do número enteiro anterior e, de 0,50 a 0,99 será a do número enteiro posterior.

6.5. Recursos didácticos

A continuación relaciónanse unha serie de obras de orientación:

Bolero	M. Ravel
Carmen (Suite)	G. Bizet
Danubio azul	J. Strauss
Danzón nº 2	A. Márquez
El arca de Noé	O. Navarro
El baile de Luis Alonso (Intermedio)	G. Giménez
El tambor de granadero (Obertura)	R. Chapí
Entrañable trombón	J. Anaya
La boda de Luis Alonso	G. Giménez
La inmorta	Ferer Ferrán
La tormenta del desierto	Ferrer Ferrán
Moment for Morricone	E. Morricone
Music for a festival	P. Sparke
O camiño de Santiago	Gómez Deval
Robin Hood	M. Kamen
Santander	E. Rosillo
Titanic	J. Horner
Vals nº 2	D. Shostakovich
Vals triste	Sibelius
West side story	L. Bernstein

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Mensualmente destinarase a lo menos unha hora para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Nesta valoración inclúiranse os obxectivos non acadados de cada unha das especialidades.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Ao remate de cada trimestre valorarase o funcionamento interno do departamento en función dos datos recollidos polo mesmo. Cada departamento elixirá o sistema máis axeitado para realizar a devandita valoración

9. ANEXOS

9.1. Probas de acceso a outros cursos (2º a 6º de G.P.)

Seguindo as directrices da Orde do 28 de xullo de 2008, publicado no DOG do 18 de agosto de 2008, "(...) a valoración do aspirante ou da aspirante nas materias de coro, orquestra, banda ou conxunto, cada centro establecerá, por medio dos seus correspondentes departamentos didácticos, o procedemento que considere máis oportuno. En todo caso, non se lle poderá esixir ao/a aspirante a presentación dun grupo orquestral ou vocal para a realización desta parte da proba (...)"

Polo que a proba de acceso que desexe realizar o/a aspirante na materia de orquestra ou banda consistirá na lectura a primeira vista de, como mínimo, tres pasaxes, para os que disporá de 10 minutos acorde o nivel para o cal desexa acceder.

A ponderación da proba de Orquestra/Banda é a seguinte:

PARTE INSTRUMENTAL					
Instrumento	60 %	60 %	60 %	60 %	60 %
Conxunto/M ^a de Cámara	25 %	25 %	25 %	25 %	25 %
Banda	15 %	15 %	15 %	15 %	15 %

O alumno ou a alumna debe consultar o resto de programacións para saber en que consisten as diferentes partes da proba.

➤ **Contidos**

Deberán consultarse os contidos desta programación.

➤ **Criterios de cualificación.**

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%
- Criterios estéticos: 50%